

Concello de Viveiro

N.º CONTROL

PRIMEIRO EXERCICIO PROCESO SELECTIVO PRAZA OPERARIO/A CON DESTINO NO CEMITERIO (OP0.1/138)

EXAME TIPO TEST

INSTRUCCIONES

Segundo se establece na base décima das bases que rexen este proceso selectivo, este primeiro exercicio está composto de 30 preguntas, con respostas alternativas, das que soamente unha é correcta.

Este exercicio será cualificado de 0 a 10 puntos e para superalo é preciso obter un mínimo de 5 puntos.

As respostas non contestadas non puntuarán. As respostas incorrectas penalizaranse con 0,20 puntos.

Establecéronse 3 preguntas de reserva por se resultase anulada algunha das preguntas formuladas. Nese caso computarán as preguntas de reserva pola orde na que figuran no exame.

Consideraranse preguntas incorrectas aquelas que contén con máis de unha resposta marcada e non sexa posible por parte do Tribunal determinar claramente cal foi a resposta que se quixo deixar como válida polo aspirante, ou poida dar lugar a interpretacións. Para evitar que se dea esta circunstancia recoméndase que en caso de erro á hora de marcar a resposta correcta se poña claramente un NON ao lado da marcada ou marcadas por equívoco e un SI ao lado da que se pretende marcar como válida. O exame realizarase en bolígrafo azul e non poderán utilizarse correctores nin bolígrafos borrables.

NON ESTÁ PERMITIDO POÑER O NOME NO EXAME POR PARTE DOS ASPIRANTES, CO FIN DE MANTER O ANONIMATO DURANTE A CELEBRACIÓN E CORRECCIÓN DAS PROBAS DE SELECCIÓN. TAMPOUCO ESTÁ PERMITIDO ASINAR OS EXAMES. En caso de incumprimento desta regra por parte dalgún dos aspirantes, de verse afectado o anonimato na realización do exercicio, o Tribunal poderá acordar a descalificación do aspirante.

A efectos de manter o anonimato cada aspirante deberá poñer no seu exercicio ÚNICAMENTE O NÚMERO DE CONTROL QUE LLE CORRESPONDEU NA TARXETA IDENTIFICATIVA QUE COLLERÁ AO AZAR AO INICIO DO EXAMEN. Esa tarxeta deberá ser cuberta na parte correspondente aos seus datos identificativos. Esta parte da tarxeta será gardada nun sobre cerrado que se introducirá nunha urna que se encontrará precintada, será custodiada polo Tribunal e aberta en acto público. A parte da tarxeta que contén unicamente o número identificativo será gardada por cada aspirante.

Para a realización desta proba establécese un tempo máximo de 60 minutos.